



Expediente 248/2023. Convenio de colaboración co Concello de Teo para o desempeño temporal das funcións de arquitecto municipal.

MODELO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE TEO E O CONCELLO DE CATOIRA PARA O DESEMPEÑO TEMPORAL DAS FUNCIÓNS DE ARQUITECTO MUNICIPAL

INTERVENIENTES:

A Alcaldesa do Concello de Teo, Dona Lucía Calvo de la Uz, con DNI número 44427203 N actuando en nome e representación de dito Concello con CIF número P2702100E. E o arquitecto do mesmo, don Ignacio Soto González, con DNI número 09770721 E , funcionario de carreira. Dando fe do acto a secretaria do Concello, dona Virginia Fraga Díaz, con DNI nº 76967703C.

E, por outra banda, o Alcalde do Concello de Catoira, don Xoán Xosé Castaño Conde, con DNI número 35436744 T, actuando en nome e representación de dito Concello con CIF número P3601000G. Dando fe do acto a secretaria do Concello, dona María Fernanda Montero Parapar, con DNI número 32698316 K.

Ambas partes actúan no exercicio das competencias que lle atribúe o artigo 21.1 da lei 7/1985, de 2 de abril e en representación dos seus respectivos Concellos,

EXPOÑEN:

Primeiro.- De conformidade co disposto no artigo 12 da Lei 2/2016, do solo de Galicia, os Concellos asumen competencias en materia de planeamento, xestión, execución e disciplina urbanística.

O exercicio desta competencia conleva o desempeño de determinadas funcións técnicas e xurídicas altamente especializadas.

Concretamente, o artigo 143 de dita Lei 2/2016 require da emisión dos informes técnicos e xurídicos preceptivos e determinantes con carácter previo ao outorgamento de licencias urbanísticas.

En tanto ditos informes participan do exercicio de funcións públicas, o ordenamento xurídico reserva a súa emisión a persoal suxeito ao estatuto funcional, sen que poidan ser emitidos



por persoal laboral nin por empresarios ou autónomos.

Segundo.- O Concello de Catoira, carece neste momento de persoal funcionario pertencente á escala técnica, arquitecto, que poida exercer ditas funcións, motivo polo cal faise imprescindible a cobertura temporal de dito posto.

En calquera caso a presente colaboración límitase ao asesoramento e informe dos expedientes relativos a instalación dun almacén de produtos pirotécnicos neste Concello, e a todas as cuestións ás que de lugar que para cuxa resolución se requira a intervención do arquitecto.

Terceiro.- Que o artigo 3 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, establece como un dos principios xerais de actuación das Administracións públicas, o principio de cooperación, colaboración e coordinación e, a propia Lei regula no seu capítulo VI do Título Preliminar o Convenio como instrumento con efectos xurídicos para a formalización de acordos entre Administracións para un fin común

Que ao abeiro do disposto no artigo 209 da Lei de emprego público de Galicia, e de acordo co principio de colaboración interadministrativa antedito, o persoal funcionario propio dunha entidade local poderá realizar funcións e tarefas no ámbito territorial doutra entidade local.

Polo exposto, e recoñecendo as partes a capacidade xurídica necesaria para subscribir este convenio de colaboración e, en consecuencia, conveñen formalizalo con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS:

Primeira: Obxecto do convenio

O presente convenio ten por obxecto artellar o instrumento de colaboración interadministrativa entre os Concellos de Teo e Catoira previsto no artigo 209 da Lei de emprego público de Galicia, co gallo de que o arquitecto municipal de Teo desempeñe as funcións de arquitecto municipal no termo municipal de Catoira co fin de asesorar e informar sobre un asunto concreto: a instalación dun depósito de produtos pirotécnicos neste Concello.

Segunda: Custe económico dos servizos prestados.

A prestación do presente servizo de colaboración nun asunto concreto dificulta a concreción neste convenio dunha xornada determinada de traballo, deste xeito, procédese a cuantificalo economicamente polo prezo da hora de traballo efectivo realizado en función das retribucións aprobadas polo Concello de orixe, incluíndo o custe da seguridade social, ascendendo a 38,03 euros /hora, co gallo de contribuír ao financiamento dos custes salariais do arquitecto municipal devengados como consecuencia do desempeño extraordinario das funcións mencionadas no eido territorial de Teo.



Este custe salarial será incrementado de conformidade coa Lei Xeral de Presupostos.

As horas de traballo efectivas que se fagan necesarias para prestar a colaboración requirida comunicaranse por parte do funcionario ao Concello de Catoira, e tras ser validadas pola Alcaldía, realizarase o seu pago ao concello de Teo. Dito importe será ingresado na conta bancaria titularidade do Concello de Teo que ao efecto se nos comunique.

Do mesmo xeito, cubriranse polo Concello de Catoira os gastos de desprazamento que orixine a colaboración dende o domicilio do arquitecto colaborador a este Concello.

O número máximo de horas a realizar polo funcionario neste Concello ascenderán a 30 h/mes. No caso de ser precisas mais horas, por motivos puntuais, deberase comunicar a Intervención do Concello de Catoira para a habilitación do crédito necesario.

Terceira: Obrigas dos Concellos

O Concello de Teo e o Concello de Catoira acordan ampliar o eido territorial das funcións propias do posto de arquitecto municipal ao termo municipal de Catoira durante o tempo imprescindible para realización das súas funcións.

Concretamente, habilitase o arquitecto Ignacio Soto González para a realización das seguintes funcións no termo municipal de Catoira:

- Emisión de informes técnicos no seo dos expedientes aos que de lugar a instalación do almacén de produtos pirotécnicos.
- Realización de actuacións de comprobación de actividades, instalacións e edificacións relativas a instalación do almacén de produtos pirotécnicos.

O Concello de Catoira comprométese a facilitarlle ao funcionario colaborador a realización das súas funcións. Estas funcións de asesoramento e emisión de informes preceptivos nos expedientes relacionados non requiren a presenza do funcionario con carácter habitual no Concello de Catoira, de xeito que terá liberdade para a realización do seu traballo do xeito que considere.

O Concello de Catoira comprométese a aportar ao Concello de Teo, nos dez días do mes seguinte e na conta bancaria que este designe ao efecto, o importe correspondente ás horas efectivamente realizadas polo técnico municipal durante a prestación dos seus servizos no Concello de Catoira, durante o mes anterior.

O Concello de Teo comprométese ao abono ao arquitecto municipal, Ignacio Soto González, das cantidades transferidas polo Concello de Catoira, na súa nómina mensual en concepto de produtividade como consecuencia do desenvolvemento desta actividade extraordinaria.

Cuarta: Obrigas do arquitecto municipal.

O arquitecto municipal, Ignacio Soto González, comprométase a:

- Desempeñar as súas funcións no Concello de Catoira con suxeición ao ordenamento xurídico e atendendo aos intereses municipais. Debendo acudir ao Concello si é requirido para asistir a reunións realizadas coa súa colaboración. O horario de estas reunións serán consensuadas entre o Alcalde do Concello e o funcionario colaborador. A respectar a súa xornada de traballo no Concello de Teo, sen que a sinatura do presente convenio poida xustificar demoras no cumprimento do seus cometidos.
- A comunicar ao Concello de Catoira, nos cinco días primeiros do mes seguinte ao da súa realización, as horas efectivamente prestadas.

Cuarta: Vixencia

O presente convenio estenderá a súa vixencia dende o día da súa sinatura e polo prazo dun ano, ou ben ata que se revolván todos os expedientes relacionados coa instalación do almacén de depósitos pirotécnicos.

Este Convenio poderá ser prorrogado, por prazos anuais, ata un máximo de catro anos de duración total.

Quinta: Comisión de seguimento

Créase unha comisión de seguimento integrada polo Alcalde do Concello de Teo e máis polo Alcalde do Concello de Catoira, coa finalidade de resolver as discrepancias e facer un seguimento e control da vixencia e efectos do convenio.

No caso de incumprimento por unha das partes do disposto no presente Convenio, conlevará a súa resolución.

Sexta. Réxime xurídico:

Para resolver cantas dúbidas ou lagoas puidesen producirse na interpretación, execución, efectos, modificación e resolución do convenio, será de aplicación o disposto no propio convenio e, na súa falta, aplicarase a Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

A modificación do convenio requirirá acordo unánime dos asinantes.

As partes comprométense a tentar resolver de maneira amigable calquera desacordo que puidese xurdir no desenvolvemento, interpretación, cumprimento, extinción e efectos deste convenio a través da comisión de seguimento establecida na cláusula quinta. En caso de non ser posible unha solución amigable e proceder o litixio xudicial, a xurisdición competente para coñecer e resolver estas cuestións será a xurisdición contencioso-administrativa, de



conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Sétima.- Confidencialidade da información:

As partes comprométese ao intercambio dos datos e información técnica para o cumprimento efectivo de todos os termos deste convenio coas garantías de confidencialidade que en cada caso se requiran e permanecerá exclusivamente no ámbito de relación das mesmas partes e do persoal técnico que colabore nas actividades, obrigándose a mantelo en réxime de confidencialidade por prazo indefinido e con independencia da duración deste convenio.

Toda a información e documentación intercambiada no marco do convenio será propiedade das respectivas partes.

As partes daránlle publicidade á existencia deste convenio a través do seu portal de transparencia.

Oitava.- Protección de datos:

As actuacións obxecto deste convenio que impliquen o tratamento de datos de carácter persoal deberán respectar na súa integridade a normativa reguladora da protección de datos de carácter persoal.

Novena.- Resolución:

Este convenio resolverase polas causas e cos efectos establecidos nos artigos 51 e 52 da Lei 40/2015. En particular resolverase polo incumprimento, total ou parcial, dalgunha das cláusulas que o regulan.

Ademais, serán causas de resolución do convenio as seguintes:

1. Cumprimento da prestación dos servizos obxecto deste convenio.
2. Cumprimento do prazo de vixencia.
3. Imposibilidade sobrevida para o seu cumprimento.
4. Acordo das partes asinantes despois dunha reunión da comisión de seguimento.
5. Incumprimento das obrigas dunha das partes, comunicado de forma motivada por escrito con 5 días de antelación. A resolución do Convenio por esta causa poderá dar lugar a indemnización dos danos e prexuízos causados.
6. Por renuncia do funcionario colaborador, o que deberá ser comunicado ao Concello de Catoira con 15 días hábiles de antelación.

O réxime de obrigas e responsabilidades por incumprimentos que consten neste Convenio consideraranse instrumento axeitado para a determinación das correspondentes responsabilidades.

En calquera suposto de resolución anticipada as partes comprométese a finalizar as actividades en curso.



E para que así conste, a 7 de setembro de 2023.

A alcaldesa de Teo


Lucía Calvo de la Uz.

O alcalde de Catoira


Xoán Xosé Castaño Conde.

Expresa a súa conformidade ao presente convenio;

O arquitecto


Ignacio Soto González.

A secretaria de Teo,


Virginia Fraga Díaz.
Secretaría

A secretaria interventora de Catoira,


María Fernanda Montero Parapar.